

POSTOS	DESCRIPCIÓN	G	CD	C.Especif.
CANGAS - VAL MIÑOR				
1	Xefe de Negociado - Coordinador CANGAS	C1	22	15.816,92
1	Xefe de Negociado Oficina del Morrazo	C1	22s	7.427,14
3	Administrativo	C1	20	7.124,60
	Administrativo	C1	20	7.124,60
	Administrativo	C1	20	7.124,60
VAL MIÑOR				
3	Administrativo	C1	20	7.124,60
	Administrativo	C1	20	7.124,60
	Administrativo	C1	20	7.124,60
8				
PORRIÑO				
1	Xefe de Negociado	C1	22	15.816,92
2	Administrativo	C1	20	7.124,60
	Administrativo	C1	20	7.124,60
3				
106				

Pontevedra, a 29 de xuño de 2012.—O Presidente, Rafael Louzán Abal.—O Secretario, Carlos Cuadrado Romay. 2012006563

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 22 de xuño de 2012, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**BASES DE SUBVENCIONS DE APOIO Á CULTURA, DIRIXIDAS A ENTIDADES
PARA ACTIVIDADES E INVESTIMENTOS. ANO-2012**

A Deputación establece as bases reguladoras de concesión de axudas e subvencións públicas destinadas a promover e fomentar actividades culturais, segundo os principios de obxectividade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia.

1. OBXECTO

A Deputación de Pontevedra concederá axudas económicas para promover, fomentar e difundir aquelas actividades culturais que organicen as persoas físicas e xurídicas sen fin de lucro no seu ámbito territorial e, excepcionalmente, fóra deste, cando teñan relevancia para os intereses provinciais, durante o exercizo actual, así como as destinadas a recuperar e conservar o patrimonio provincial, sendo prioritarias nesta convocatoria as accións tendentes a mellorar a calidade de todas as manifestacións culturais para que así acaden os obxectivos que lle son propios, contribuíndo deste xeito á modernización e recuperación da nosa cultura, así como as tendentes a xerar beneficios no seu contorno.

A concesión das axudas estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012, convocándose con cargo ao presuposto da Deputación para o ano 2012 as subvencións que a continuación se detallan:

MATERIA	PROGRAMA	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
CULTURA	A/12 Actividades culturais	12/330.334.489.05
	B/12 a) Instrumentos	
	b) Vestiario	12/330.334.789.00
	C/12 Infraestrutura	12/330.334.789.04

O programa A/12 “actividades culturais” diríxese ó financiamento de concursos literarios, periodísticos, festivais folclóricos, intercambios culturais, certames, exposicións, etc.

O programa B/12 “instrumentos ou vestiario” diríxese a financiar ós grupos e ás asociacións musicais da nosa provincia para a adquisición de instrumental ou vestiario propio destes, debendo indicar na solicitude unicamente un dos conceptos, ou ben instrumentos ou ben vestiario.

O programa C/12 “infraestrutura” diríxese ó financiamento para a construción ou a rehabilitación de centros culturais, restauración de monumentos, etc.

Quedan excluídos da presente convocatoria e por tanto non serán obxecto de subvención as seguintes actividades e investimentos:

- As actividades ou investimentos subvencionados, no mesmo exercizo, a través doutras convocatorias de subvencións ou plans provinciais da Deputación.
- Os gastos de funcionamento das entidades, os gastos correntes e as actividades xerais que se realizan ó longo de todo o ano.
- As viaxes de ocio, as excursións, as festas gastronómicas e as festas populares.
- A edición de libros, revistas, os obradoiros e os cursos.
- Os gastos gastronómicos, excepto naqueles casos que garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para a mesma.

2. BENEFICIARIOS

Poderán solicitar estas axudas as persoas físicas e xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

1. Carecer de fins de lucro (acreditándose en declaración responsable do representante).
2. Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra ou, excepcionalmente, fóra deste cando versen sobre temas de interese para a provincia.
3. Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.
4. Estar ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Non poderán ser beneficiarios destas axudas as ANPAS, nin aquelas Asociacións que teñan pendente de xustificar subvencións concedidas no exercizo anterior no mesmo programa.

3. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As entidades poderán presentar unha única solicitude por cada programa. Por cada solicitude que realicen deben presentar os expedientes completos.

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro xeral da Deputación, no Servizo de Cultura ou na páxina web da Deputación: www.depo.es, achegando ademais a seguinte documentación:

- Fotocopia cotexada da tarxeta de identificación fiscal da entidade.
- Fotocopia cotexada do DNI do representante legal.
- Memoria explicativa dunha actividade concreta ou do investimento a realizar, asinada polo representante. No caso das actividades culturais xerais deben indicar unha única actividade, en ningún caso se subvencionan as actividades que se realizan ó longo de todo o ano, debe ser unha actividade concreta a realizar nun lugar e nunha data concreta.
- Orzamento detallado dunha actividade concreta e determinada ou, no seu caso, do investimento a realizar, asinado polo representante. A entidade deberá de solicitar, polo menos, tres ofertas de distintos provedores no caso de que o gasto sexa superior a 30.000,00 €, para realizar obras, ou superior a 12.000,00 € para adquirir equipamento.

- No caso de realización de obras ou investimentos, acreditación da titularidade ou, no seu caso, a cesión de uso do ben para o que se solicita a subvención.
- Declaración na que conste se se solicitaron outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade ou o investimento para subvencionar.
- Declaración de que a entidade non está incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas e de aceptar as bases da convocatoria.
- Certificación ou declaración responsable de estar ó corrente das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria e coa Seguridade Social.
- Declaración do número de socios da entidade.
- Certificación orixinal dos datos bancarios, ou ben copia cotexada, co nome da entidade peticionaria .

As entidades poderán autorizar á Deputación de Pontevedra para solicitar as certificacións de estar ó corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e coa Seguridade Social.

Se a solicitude non reunise os datos esixidos ou calquera dos previstos no art.70 da Lei 30/92, de 26 de novembro, requirirase ó interesado para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicando que, en caso de non facelo, se terá por desistido, arquivándose sen máis trámites.

4. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral da Deputación:

- Sede de Pontevedra: Avda. Montero Ríos, s/n (de luns a sábado)
- Sede de Vigo: Rúa Oporto, 3 (de luns a venres)

Ou tal e como establece o art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

5. VALORACIÓN E CONCESIÓN

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo en conta para a adxudicación das axudas os seguintes criterios:

1. Difusión da actividade: de ámbito local, provincial, nacional, internacional, ata 15 puntos.
2. Número de persoas que participan e se benefician da actividade, ata 15 puntos.
3. Número de socios da asociación, ata 10 puntos.
4. Orzamento total da actividade ou investimento e porcentaxe solicitada de financiamento, ata 30 puntos.
5. Adecuación das actividades ou investimentos ó interese provincial, ata 30 puntos.

O conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100% do custo da actividade ou investimento que desenvolva o beneficiario.

6. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ó xefe do Servizo de Cultura, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

As solicitudes de subvención para cada un dos programas serán avaliadas conforme ós criterios sinalados anteriormente, pola Comisión de Valoración, órgano colexiado composto por:

Presidente: a deputada-presidenta da Comisión de Cultura

Vogais: dous/dúas técnicos/as do Servizo de Cultura
un/unha técnico/a do Servizo de Intervención

Secretario: actuará como secretario, sen voto, un/unha funcionario/a do Servizo de Cultura

A Comisión de Valoración poderá:

- 1) Acadar cantos informes estime necesarios para resolver
- 2) Emitir informe respecto das solicitudes de subvención

O procedemento ordinario de concesión das axudas é o de concorrencia competitiva. Non obstante, ó longo do exercizo orzamentario poderanse resolver aquelas solicitudes que, por circunstancias novas ou por causas imprevisibles e excepcionais, non puideran presentarse no prazo sinalado, reservándose para estes efectos a Presidencia ata un 20% do crédito total destes programas para a súa concesión directa, tal como se establece na base 25.2ª das de execución do vixente orzamento provincial.

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles ós interesados conforme ó previsto no art. 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Transcorridos seis meses, a partir do día seguinte no que remate o prazo de presentación da solicitude, sen notificarse a resolución, lexitima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

7. MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

Tal como establece o art. 64 do Regulamento da Lei xeral de subvencións (Rd 887/2006, de 21 de xullo), unha vez notificada a resolución de concesión, despois de solicitude razoada, o beneficiario da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido sempre que se manteña a finalidade da subvención, que poderá autorizarse sempre que non se danen dereitos de terceiros.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun mes dende a notificación da concesión e será obxecto de resolución da Presidencia, logo da proposta previa da comisión avaliadora que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade ou investimento é superior ou igual ó orzamento subvencionado inicial, manteranse ditas condicións da subvención concedida: importe da subvención e orzamento subvencionado.
- Se o orzamento da nova actividade ou investimento é inferior ó orzamento subvencionado inicial, a comisión avaliadora, logo do informe previo do Servizo de Cultura, deberá determinar o novo importe da subvención e o novo orzamento subvencionado, que serán inferiores ós inicialmente establecidos.

8. XUSTIFICACIÓN

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada a actividade ou o investimento os beneficiarios deberán xustificalas antes do 31 de marzo de 2013.

Os gastos xustificandos deberán axustarse ós conceptos establecidos no presuposto inicial e, con carácter xeral, non se admitirán como válidos os xustificandos referidos a alimentos e bebidas.

Para cobrar a subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e máis o custo total de cada unidade.

- b) Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de manifesto que os gastos que figuran en dita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda, indicando que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame, tal como se establece na base 25.8ª. 2.c das de execución do vixente orzamento provincial.
- c) Os gastos xustificados deberán axustarse no posible ós conceptos incluídos no orzamento inicial, non aboándose máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.
- d) No caso de subvencións de execución de obras ou instalacións que superen os 12.000,00 € poderase esixir un informe previo do técnico provincial.
- e) Declaración de non ter recibido outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada.
- f) Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ó corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo provincial de Intervención.
- g) Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, con indicación das actividades ou investimentos realizados e dos resultados obtidos debidamente asinada.
- h) Acreditar a debida divulgación do financiamento por parte da Deputación da actividade ou investimento subvencionado, sendo suficiente a declaración responsable do representante de a ter feito.

9. PAGAMENTO

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ó 100%, aboarase a parte proporcional da subvención, que non será de aplicación cando esta sexa de importe inferior a 600 €.

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo perceptor.

10. INCUMPRIMENTO

Vencido o prazo de xustificación sinalado na base 8ª ou, no seu caso, o establecido na prórroga, sen que a entidade beneficiaria presentara a documentación xustificativa, o Servizo de Cultura requiriráa para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

11. DEVOLUCIÓN E REINTEGRO

As axudas concedidas deberán devolvelas ou reintegralas nos seguintes casos:

- a) Por obtelas falseando as condicións requiridas.
- b) Por non aplicala ós fins para os que foi concedida.
- c) Por incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

12. ÓRGANO DE APROBACIÓN

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do orzamento para o ano 2012 e dando cumprimento ó establecido no artigo 18 da Lei xeral de subvencións, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

13. XURISDICIÓN APLICABLE

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses. Asemade, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

14. DEREITO SUPLETORIO

Para o non disposto nas presentes bases contemplárase o establecido nas bases de execución do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercizo 2012 e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais lexislación de desenvolvemento.

Pontevedra, a 25 de xuño de 2012.—O Xefe do Servizo, ilexible.

2012006426

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 22 de xuño de 2012, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“BASES DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS PARA APOIAR O DEPORTE DE COMPETICIÓN FEDERADO PARA O ANO 2012”

Dentro do labor de fomento e apoio ás iniciativas das entidades sen ánimo de lucro que ten atribuída esta Deputación, consciente da importancia de fomentar o deporte en todas as súas facetas e coñecedora das carencias que teñen aqueles que desexan realizar a súa práctica, establece axudas para paliar ese déficit que se rexerán polas seguintes:

BASES

1. FINALIDADE E OBXECTO

- 1.1.— Esta convocatoria, destinada a clubs deportivos federados, márcase como obxectivo específico apoiar as entidades deportivas nas actividades derivadas da participación en ligas ou competicións oficiais de ámbito comarcal, provincial, autonómico ou nacional, convocados por organismos oficiais ou federacións deportivas galegas, nas modalidades deportivas de implantación na provincia de Pontevedra, conforme o disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local e demais normativa de aplicación.
- 1.2.— A concesión das axudas estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012, convocándose con cargo ao orzamento da Deputación para o 2012 a subvención que a continuación se detalla:

MATERIA	PROGRAMA	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
DEPORTES	F/12 Deporte Federado	12/340.341.489.23

2. BENEFICIARIOS

Poderán optar a estas axudas as entidades e clubs deportivos que cumpran os seguintes requisitos:

- 2.1.— Carecer de fins de lucro (acreditándose declaración responsable do solicitante).
- 2.2.— Estar ó corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria e coa Seguridade Social.
- 2.3.— A modalidade practicada polos clubs federados ten que ter implantación na provincia de Pontevedra.
- 2.4.— Estaren inscritos no rexistro de asociacións deportivas da Dirección Xeral para o Deporte.
- 2.5.— Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

Non poderán ser beneficiarios destas axudas as entidades ou clubs deportivos que teñan pendente de xustificar subvencións concedidas no ano 2011 polo mesmo programa.

3. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Cada club só poderá formular unha única solicitude dunha modalidade deportiva concreta nos modelos normalizados, que facilitarán no rexistro xeral, na sección de Deportes ou na páxina web da Deputación: www.deputacion.es.

Achegarase ademais a seguinte documentación:

- 3.1.— Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF
- 3.2.— Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF do representante
- 3.3.— Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade
- 3.4.— Orzamento asinado estimativo de gastos, referido á modalidade deportiva correspondente a tempada 2012 ou 2011/2012, segundo a modalidade deportiva.
- 3.5.— Declaración orixinal do representante na que conste se solicitaron outras axudas, de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir subvencións da Administración pública e de aceptar as bases da convocatoria, segundo modelo aprobado, así como a autorización á Deputación para optar ás certificacións da Axencia Estatal Tributaria e da Seguridade Social.
- 3.6.— Declaración responsable de estar ó corrente coas Obrigas Tributarias da Axencia Estatal Tributaria e coa Seguridade Social.
- 3.7.— Certificado de estar inscritos no rexistro de asociacións deportivas da Dirección Xeral para o Deporte.
- 3.8.— Certificación, segundo modelo aprobado pola Deputación, da federación galega ou nacional correspondente, na que se especifique:
 - 3.8.1.— Participación do equipo en competición na tempada 2011-2012.
 - 3.8.2.— Número de equipos participantes, por categoría do equipo, nivel da competición e sexo.
 - 3.8.3.— Número de licenzas por categoría e sexo que participa en competición na tempada 2011/2012.
 - 3.8.4.— A participación do equipo senior en competición de ámbito nacional na tempada 2011/2012, con denominación da competición e grao de nivel nacional.

Excepcionalmente, aquelas entidades ou clubs deportivos cuxa modalidade deportiva se desenvolva durante o ano natural, deberá presentar o certificado da federación correspondente o ano 2012.

A documentación que se entregue en fotocopia deberá estar debidamente compulsada.

As entidades poderán autorizar á Deputación de Pontevedra para solicitar da Axencia Estatal Tributaria a certificación de estar ó corrente coas Obrigas Tributarias e coa Seguridade Social.

Se a solicitude non reunise os datos exisidos ou calquera dos previstos no art. 70 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, requiriráselle ao interesado para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, indicando que, en caso de non facelo, se terá por desistido, arquivándose sen máis trámite.

4. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

4.1. Lugar:

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral da Deputación:

- Sede Pontevedra: Avda. Montero Ríos, s/n (horario de luns a sábado)
- Sede Vigo: Rúa Oporto, 3 (horario de luns a venres)

ou tal e como se establece no art. 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de presentar a solicitude nunha oficina de correos, farase en sobre aberto para que as solicitudes sexan datadas e seladas polo funcionario correspondente.

4.2. Prazo:

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días contados a partir do día seguinte ó da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

5. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase unha vez consideradas as actividades que se van realizar, ponderando as seguintes circunstancias:

- a) Nivel de competición da agrupación ou club: ata 15 puntos
- b) Número de licenzas federativas: ata 15 puntos
- c) Número de equipos participantes por categorías na actual temporada: ata 15 puntos
- d) Equipo sénior en categoría nacional: 5 puntos
- e) Adecuación das actividades que se van realizar ó interese provincial: ata 30 puntos

As propostas da concesión de subvencións someteranse á aprobación do órgano de goberno competente.

Transcorridos seis meses, a partir do día seguinte do remate do prazo de presentación da solicitude, sen que os interesados obteñan unha resposta expresa, entenderase desestimada a petición.

6. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao Xefe do Servizo de Deportes, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei Xeral de Subvencións.

As solicitudes de subvención para cada un dos programas serán avaliadas conforme ós criterios sinalados anteriormente, pola Comisión de Valoración, órgano colexiado composto por:

Presidente: A Deputada-Presidenta da Comisión de Deportes e Xuventude

Vogais: – Dous/dúas técnicos do servizo de Deportes.
– Un/unha Técnico do servizo de Intervención.

Secretario: Actuará como secretario, sen voto, un/unha funcionario/a do servizo de Deportes.

A Comisión de Valoración poderá:

1. Acadar cantos informes estime necesarios para resolver.
2. Emitir informe respecto das solicitudes de subvención.

A resolución da concesión deberáselles notificar expresamente a todos os solicitantes de forma fidedigna.

7. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Unha vez notificadas as axudas concedidas, os clubs beneficiarios deberán xustificalas no prazo de trinta días e en todo caso antes do 31 de marzo de 2013.

Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ó corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo provincial de Intervención.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

O beneficiario da subvención, de acordo co establecido na base 25.8ª-2ºf) de execución de orzamento 2012, para efectos de xustificación deberá remitir un certificado acreditativo de toma de razón na contabilidade da entidade ou club. Conxuntamente deberá presentar declaración de se recibiron ou non outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade e acreditamento da debida divulgación do financiamento por parte da Deputación da actividade subvencionada, sendo suficiente a declaración responsable por parte do representante de a ter feito.

Ademais, ós clubs que se lle outorguen subvencións por importe de 6.000 € ou superiores, quedan na obriga de insertar o anagrama de Deputación na súa vestimenta cunhas medidas aproximadas de 20 cms, así como nos paneis publicitarios ou pancartas das súas instalacións deportivas; acreditando mediante fotografías nítidas ou recortes de prensa da presentación do equipo tal circunstancia.

Os logotipos oficiais a insertar están dispoñibles na páxina web www.depo.es (área de descargas - imaxe corporativa).

8. INCUMPRIMENTO

Vencido o prazo de xustificación sinalado na base 7ª sen que a entidade beneficiaria presentara a documentación xustificativa, o servizo de Deportes requirirá para que a presente no prazo improrrobable de quince días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

9. ÓRGANO COMPETENTE E XURISDICCIÓN

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do orzamento para 2012 e dando cumprimento ó establecido no artigo 18 da Lei xeral de subvencións, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

A resolución do procedemento notificaráselles ós interesados conforme ao previsto no art. 58 da Lei 30/92, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. O vencemento do prazo máximo (6 meses) sen terse notificada a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, no prazo dun mes, recurso de reposición perante o órgano que a ditou. Poderá entenderse desestimado dito recurso, se transcorrido un mes dende a súa interposición aquel non se tivese contestado. Neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo cono se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-administrativa no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente dito recurso contencioso-administrativo no prazo indicado.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

10. DEREITO SUPLETORIO

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2012 e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Pontevedra, a 25/06/2012.—O Xefe do Servizo de Deportes, Antonio Santos Guerra.

2012006425

ADMINISTRACIÓN LOCAL

AYUNTAMIENTOS

MOAÑA

EDICTO

Segundo o disposto nos artigos 59.5 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo, publícase a relación dos expedientes sancionadores, instruídos polo Departamento de Sancións, en tanto a notificación no último domicilio coñecido non se lles puido practicar ás persoas ou entidades denunciadas. Por medio deste Edicto notifícase a cada un dos interesados que máis abaixo se indican os expedientes e a fase do procedemento sancionador na que se atopan. O expediente poderá ser consultado no Departamento de Sancións, sito no Concello de Moaña.

EXPEDIENTE	TRÁMITE	MATRÍCULA	NIF/ CIF	LOCALIDADE	DATA	€	*PCTO./ART.	P
2012-T-00000632	Incoación expediente	8884CLL	36164957X	VIGO	28/03/2012	300	CIR / 50.1.5I	2
2012-T-00000725	Incoación expediente	8904BSF	76806856N	MOAÑA	29/04/2012	90	OMC / 13.1	0
2012-T-00000728	Incoación expediente	7611DRD	B27706209	MOS	19/01/2012	200	LSV / 9.1.5A	0
2012-T-00000731	Incoación expediente	P02851BG	36047768Y	VIGO	30/04/2012	200	CIR / 94.2-A.	0
2012-T-00000742	Incoación expediente	P05157BT	35959057Y	BUEU	08/05/2012	300	CIR / 50.1.5I	2
2012-T-00000754	Incoación expediente	8643BHT	44492755Z	PONTEAREAS	11/05/2012	300	CIR / 50.1.5I	2
2012-T-00000768	Incoación expediente	3537DRX	34286699R	LUGO	13/05/2012	300	CIR / 50.1.5I	2
2012-T-00000769	Incoación expediente	6927GFN	36113690X	VIGO	13/05/2012	300	CIR / 50.1.5I	2
2012-T-00000773	Incoación expediente	5403FSF	52181682H	GETAFE	01/05/2012	50	OMC / 13.7.4	0
2012-T-00000778	Incoación expediente	0191HDT	78737840P	MOAÑA	12/04/2012	90	OMC / 13.8	0
2012-T-00100704	Incoación expediente	P06700BS	35296419K	MOAÑA	14/04/2012	100	OMC / 13.3.1	0
2012-T-00100727	Incoación expediente	P00196BN	78734624N	MOAÑA	21/04/2012	50	OMC / 13.7.1	0
2012-T-00100737	Incoación expediente	7896BJC	78730480P	MOAÑA	24/04/2012	100	OMC / 13.3.1	0
2012-T-00100738	Incoación expediente	9681DTN	35277755X	CANGAS	26/04/2012	50	OMC / 13.7.1	0
2012-T-00100749	Incoación expediente	3649GKT	78731765M	CANGAS	03/05/2012	100	OMC / 13.3.1	0
2012-T-00100752	Incoación expediente	8691FTW	36017692Z	MOAÑA	03/05/2012	100	OMC / 13.3.1	0
2012-T-00100760	Identificación condutor	9802GDN	B36894939	PONTEVEDRA	03/05/2012	100	OMC / 13.3.1	0
2012-T-00100780	Incoación expediente	P02031AY	78731647W	MOAÑA	14/05/2012	100	OMC / 13.6.1	0
2012-T-00600134	Incoación expediente	P06700BS	35296419K	MOAÑA	12/04/2012	90	OMC / 13.8	0
2012-T-00600164	Incoación expediente	2904CBN	78738030Z	MOAÑA	29/04/2012	200	CIR / 94.2-A	0
2012-T-00600166	Incoación expediente	8941CPG	35300878H	MOAÑA	01/05/2012	100	OMC / 3.9.1	0
2012-T-00600177	Incoación expediente	4169GCN	39465035W	VIGO	18/05/2012	50	OMC / 13.7.1	0
2012-T-00600179	Incoación expediente	4279FKF	78732974H	CANGAS	18/05/2012	100	OMC / 13.3.1	0
2012-T-00600180	Incoación expediente	0858FTS	78738781Y	CANGAS	18/05/2012	100	OMC / 13.3.1	0

(*) PCTO. LSV: Lei de Seguridade Viaria. CIR: Regulamento Xeral de Circulación. OMC: Ordenanza Municipal de Circulación. ART.: Artigo. P: Puntos.

Moaña, a 14 de xuño do 2012.—O Alcalde, José Ferverza Costas.

2012006225